



Resolución do procedemento de selección

CONVOCATORIA 2021 DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA XESTIÓN DO PROGRAMA RE-ACCIONA COVID-19

1. Antecedentes:

Por Resolución do 11 de maio de 2021 (DOG nº 95, do 24 de maio), convocouse o procedemento de selección, en réxime de concorrencia competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvencións para servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas (programa Re-acciona COVID-19), susceptible de ser financiada no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

Para a avaliación das 46 solicitudes de adhesión presentadas aplicouse o baremo establecido no artigo 10.4 das bases reguladoras.

- a) Calidade derivada das características do servizo: 40 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
 - i) Metodoloxía aplicada ás fases de sensibilización e formación (ata 5 puntos).
 - ii) Metodoloxía aplicada á fase de execución (ata 10 puntos).
 - iii) Compromisos concretos de resultados e forma de asegurar os mesmos (ata 15 puntos).
 - iv) Flexibilidade na adaptación do servizo ás necesidades da empresa receptora do mesmo (ata 6 puntos).
 - v) Ferramentas software que se van transferir á empresa, no caso de que se propoñan (ata 2 puntos).
 - vi) Grao no que a presentación do servizo á peme, entregada como parte da oferta, reflexa adecuadamente a proposta de valor e os detalles do servizo (ata 1 punto).
 - vii) Prazo e condicións de garantía ofertadas (ata 1 punto).
- b) Compromisos de dedicación á prestación de servizo: 30 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
 - i) Número de horas en contacto presencial coa empresa (válido tamén videoconferencia) que vai dedicar a cada servizo (ata 15 puntos).
 - ii) Número de horas noutras tarefas que vai dedicar en cada proxecto (ata 8 puntos).
 - iii) Número de efectivos dispoñibles no equipo para a prestación do servizo (7 puntos).
- c) Experiencia dos compoñentes do equipo de traballo: 30 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
 - i) Experiencia media dos membros do equipo de traballo como prestadores de servizos en proxectos similares (no alcance dos servizos, a funcionalidade dos mesmos, o tipo de empresas ás que van dirixidos ou o coñecemento necesario para executalos) (15 puntos).
 - ii) Tempo de experiencia (6 puntos).
 - iii) Diversidade das competencias agregadas dos membros do equipo, na medida na que poida ser beneficioso para o servizo a realizar (5 puntos).
 - iv) Resultados obtidos nos proxectos, no caso de que se indiquen (4 puntos).

En caso de empate nas puntuacións, elixiranse en primeiro lugar os solicitantes que teñan implementado un plan de igualdade segundo a declaración responsable que cubrirán no formulario de solicitude. De persistir o empate, decidírase a favor da solicitude que obtivese máis puntos na valoración do criterio a). Se aínda así seguise existindo empate, decidírase pola maior puntuación no criterio b), e así sucesivamente. Por último, darase preferencia ás solicitudes segundo a súa orde de presentación.

Non se seleccionará ningunha entidade que obtivera menos de 50 puntos na avaliación.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos das 46 solicitudes de adhesión presentadas dentro do prazo establecido, tendo en conta os resultados da avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria do procedemento de selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión do Programa Re-acciona Covid-19, con data 10/08/2021.

2. Resolvo:



Primeiro. Aprobar a condición como entidade colaboradora aos 14 solicitantes que figuran no Anexo I, para os servizos que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da adhesión cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

A cualificación como entidade colaboradora será válida para a/s convocatoria/s do programa Re-acciona COVID-19 do ano 2021.

Segundo. Denegar as 32 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 11 das bases reguladoras da convocatoria.

3. Recursos:

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta resolución.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Solicitudes que acadan a condición de entidade colaboradora

CONVOCATORIA 2021 DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA XESTIÓN DO PROGRAMA RE-ACCIONA COVID-19

a) Servizo de reestruturación financeira e adecuación de estados financeiros, tras o impacto da COVID-19 e os novos modelos de negocio.

Expediente núm.	Titular	Puntuación
IG284.2021.1.13	MEDRAR SMART SOLUTIONS, S.L.	69,70
IG284.2021.1.21	AUDICON	63,05
IG284.2021.1.9	ARXON ESTRATEGIA, S.L.	52,25

b) Servizo de preparación para a transmisión ou adquisición de unidades produtivas.

Expediente núm.	Titular	Puntuación
IG284.2021.1.4	PARADA Y COTELO,S.L.	85,15
IG284.2021.1.16	CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	71,55

c) Servizo de elaboración, adaptación e implementación de plans estratéxicos de internacionalización da empresa ou sector ao novo escenario internacional.

Expediente núm.	Titular	Puntuación
IG284.2021.1.19	ESQUÍO INGENIERÍA, S.L.	92
IG284.2021.1.29	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	91,50
IG284.2021.1.7	FORMACOMER GADICOM, SL	90,10

d) Servizo de análise de mercados internacionais concretos, en relación á nova situación motivada pola emerxencia sanitaria COVID-19 e ás necesidades específicas do solicitante de cara á apertura ou permanencia no dito mercado.

Expediente núm.	Titular	Puntuación
IG284.2021.1.38	MAREMAL AGENCIA DE CONSULTORIA EN INNOVACION, SLL	83,85
IG284.2021.1.30	AXPERIA VENTURES IBERIA, SL	83,45
IG284.2021.1.45	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	78,45

e) Servizo de consultaría relacionada coa implementación de metodoloxías de traballo e procesos acordes aos principios da economía circular.

Expediente núm.	Titular	Puntuación
IG284.2021.1.25	INOVALABS DIGITAL, S.L.	82,50
IG284.2021.1.8	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	75,75
IG284.2021.1.11	NORQUALITY CONSULTORES, S.L.	73,20

ANEXO II

Solicitudes rexeitadas por non cumprir os requisitos

CONVOCATORIA 2021 DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA XESTIÓN DO PROGRAMA RE-ACCIONA COVID-19

Expediente núm.	Titular	Puntos	Motivo de denegación
IG284.2021.1.1	GONZALEZ ENRIQUEZ, MARIA JESUS	32,80	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.2	TEAMANDTIME SOLUTIONS, S.L.	60,95	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.3	ELIGE PLUS CONSULTORES DE DIRECCION, S.L.	59,20	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.5	CHICASACA FLORES, JAKELINE	1	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.6	ELIGE PLUS CONSULTORES DE DIRECCION, S.L.	86,05	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.10	BASCUAS SERVICIOS FINANCIEROS, S.L.	0	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.12	GRUPO PFS CANTÁBRICO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L.	38,45	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.14	CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	48,60	Incumprimento artigo 10.7



Expediente núm.	Titular	Puntos	Motivo de denegación
IG284.2021.1.15	ELIGE PLUS CONSULTORES DE DIRECCION, S.L.	75,20	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.17	FIDELIA INGENIEROS Y CONSULTORES, S.L.	22,35	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.18	ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACIÓN Y NORMALIZACIÓN, S.L.N.E.	31,25	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.20	link plus trading and design group,s.l.	78,75	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.22	PYH GLOBAL SERVICES HOLDING, S.L.	1,75	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.23	PYH GLOBAL SERVICES HOLDING, S.L.	35,15	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.24	TRUSTYNET, S.L.	65,05	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.26	REDFLEXION CONSULTORES, S.L.	44,50	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.27	REDFLEXION CONSULTORES, S.L.	65,80	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.28	REDFLEXION CONSULTORES, S.L.	83,60	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.31	PYH GLOBAL SERVICES HOLDING, S.L.	19,65	Incumprimento artigo 10.7



Expediente núm.	Titular	Puntos	Motivo de denegación
IG284.2021.1.32	XESTORES MEDIOAMBIENTAIS DE GALICIA, S.L	71,65	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.33	VILLAPENE INVESTMENT, S.L.	0	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.34	VILLAPENE INVESTMENT, S.L.	7,50	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.35	AXPERIA VENTURES IBERIA, SL	28,65	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.36	AUDICON	48,25	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.37	VILLAPENE INVESTMENT, S.L.	7,50	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.39	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	71,70	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.40	PUGA RAMOS, MYRIAM	27,40	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.41	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	82,20	Non alcanzar a puntuación de corte para resultar seleccionada coma entidade colaboradora en ningún dos servizos seleccionados
IG284.2021.1.42	ALVAREZ REAL, S.L.	46,95	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.43	DALLE QUE DALLE SOCIEDADE COOP. GALEGA	28,15	Incumprimento artigo 10.7



Expediente núm.	Titular	Puntos	Motivo de denegación
IG284.2021.1.44	AGRONOVO ECOLOXIA S.L.	23,50	Incumprimento artigo 10.7
IG284.2021.1.46	ALÉN, S. COOP. GALEGA	44,25	Incumprimento artigo 10.7